

**ACTA NUMERO TRINTA E NOVE DAS CELEBRADAS POLA
CORPORACIÓN MUNICIPAL EN PLENO DESTE CONCELLO EN
SESIÓN EXTRAORDINARIA O DÍA VINTE E TRES DE DECEMBRO
DE DOUS MIL DEZ : - - - - -**

=====

PRESIDENTA:

D^a. Catalina González Bea

CONCELLEIROS/AS:

- D. Salvador Durán Bermúdez
- D^a M^a Paz Lago Martínez
- D. Ángel Casal Moldes
- D. Constantino Sanmartín Quiñones
- D^a Almudena Aguín Fernández
- D. Manuel López Méndez
- D. Martín Otero Otero
- D. Mario Caldas Agís
- D. David Otero Domínguez
- D^a Sandra Fernández Agraso
- D^a Gloria González Camiña
- D^a M^a Dulcinea Aguín Pombo
- D. José Ramón López Fernández
- D. José Luís Rodríguez Lorenzo

NON ASISTEN:

- D. Albino Caneda González
- D. Manuel Lores Puente

INTERVENTOR :

D. José Juan Vidal Vilanova.

SECRETARIO :

D. Ángel Luís López Pita.

=====

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as once horas e trinta e cinco minutos do día vinte e tres de decembro de dous mil dez, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa D^a. CATALINA GONZÁLEZ BEA, reuníronse os/as Sres/as. Concelleiros/as que ao marxe se relacionan co fin de celebra-la sesión extraordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión.-----

2.009. O **Sr. Secretario** indicou que a Conta consta de 24 tomos, correlativos do 1 ao 21, tendo o 17, bis 1, bis 2 e bis 3, figurando dentro dos tomos a memoria e os anexos correspondentes. Engadiu que a Comisión Informativa de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio, na sesión celebrada o 8 de novembro de 2.010, elaborou o informe da Conta Xeral do exercicio de 2.009 e que, durante o prazo de exposición ao público da referida Conta Xeral, unha vez informada pola Comisión citada, non se presentaron suxestións, reparos ou observacións.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do BNG**, sinalou en primeiro lugar que, a pesares de que remata o ano, a conta é a do 2009, parecéndolle o fin do ciclo dunha política económica mantida durante 12 anos e baseada unicamente nos ingresos procedentes do sector inmobiliario, agora a Xerencia de Urbanismo produce déficit, a previsión de ingresos do ICIO non se corresponde coa realidade, non se cobrou a monetarización do PERI nº5 (539.000,00 €), nin se bgra verificar as altas do servizo de auga, en resumo aquí se cobra tarde, mal ou non se cobra, seguindo unha traxectoria económica descendente, sen tomar medidas adecuadas e sen diversificar ingresos. Finalmente abogou pola realización do Plan Económico-Financeiro, pero con datos actualizados.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, indicou que nas contas faltaba un tomo 25, que sería o das facturas ocultadas a espera de anos mellores, preocupándolle unha relación, que ascende a 2.127.424,76 €, de facturas pendentes por gastos indebidos, motivos polos que considera que a débeda non é a verdadeira, preguntando a que se deben esas facturas, aínda que xa sabe que moitas se producen por non ter contrato.

A **Sra. Alcaldesa**, respecto da intervención do concelleiro do BNG, dixo que non era ningunha novidade aludir a importante merma producida nos ingresos urbanístico, lembrando que agora o presuposto era a metade do de 2007 e que o citado edil se limitou a desglosar o informe do interventor, que xa se coñecía e se aprobou na comisión. Preciso, sobre o PERI nº5, que a cantidade non se pode cobrar ata que non se produza o seu pertinente desenvolvemento urbanístico. Engadiu que se estaba a facer fronte as obrigas, o que non era fácil posto que moitas procedían de obras plurianuais e se conseguiu reduci-lo déficit nun 4%. Continuou manifestando que non existen facturas pendentes nos caixóns, están en Intervención e rexistradas, proba da transparencia que existe neste concello. Por último e, acerca da relación que ascende a 2 millóns de € citada, comparou esta cifra coa importancia económica dos contratos de servizos aos que o concello ten que responder e aos que se fará fronte con austeridade.

O **Sr. Otero Domínguez** aludiu a que a crise xeral era unha escusa para malos xestores, lembrando que a Alcaldesa formou parte da Corporación que aprobou o presuposto máis inflado da historia do Concello de Sanxenxo e que nos tempos de bonanza se abusou do gasto. Continuou dicindo que non se defenderon os intereses municipais no convenio do PERI nº5, posto que antes da súa sinatura debeu esixirse a aportación da cantidade xa citada neste pleno e que debía revisarse o valor do patrimonio municipal para adaptalo a situación actual. Puxo en dúbida a referencia feita pola Alcaldesa ao trámite das facturas pois coñecía casos como o dunha empresa que reclama ao concello o abono dunha débeda de 100.000 € fai catro anos ou as facturas de transporte público, polo que alguén debería explicar as que se pagan e en base a que. Por último subliñou que, co Plan Económico-Financeiro, a Alcaldesa

terá que cumprilo e tomar decisións, o que cree xusto para que non sexan outros os que teñan que arranxar o que estropeou.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** precisou que o principal déficit da Xerencia non era o económico senón a falta de xestión que produce dilación na tramitación dos expedientes, considerando que lle sobran tres técnicos. Proseguiu sinalando que o problema das facturas ao que se referiu na súa anterior intervención era que supoñían unha débeda que non se reflexaba na contabilidade, engadindo que as mil facturas se debían porque as cousas non se fixeron como era debido e terán que recoñecelas extraxudicialmente. Tamén dixo que o presuposto do 2010 o aprobaron a sabendas de que non o ían a cumprir porque restrinxiron moitas partidas, que existe un servizo irregular de transportes que factura miles de euros mensuais e un exceso de gasto en publicidade. Rematou indicando que lle preocupa máis o que deben que o que falta por cobrar, xa que o gasto irregular falsea o endebedamento do concello.

A **Sra. Alcaldesa** volveu a destacar a transparencia existente no Concello e que permite que se coñeza todo, precisando que sabe perfectamente cando entra un ingreso e cando se fai un gasto. Ao concelleiro do BNG e referente a cuestión do PERI nº5, díxolle que sen aproveitamento non podía haber aportación económica, dato que tal vez non coñecía porque era moi distinto estar no goberno que na oposición. Rexeitou que este concello gastara moito en publicidade aclarando que se producía tan solo pola revista e por unha cantidade irrisoria.

O **Sr. Otero Domínguez**, en explicación de voto, indicou que o Grupo do BNG votaría en contra da xestión económica do goberno municipal, o que non ten nada que ver co traballo realizado pola Intervención do Concello.

A **Sra. Aguíñ Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, en explicación de voto, aludiu a que neste asunto se trataba de ver si as contas estaban ben feitas, non sendo o momento para debater a xestión, razóns polas que votarían a favor das contas.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo**, en explicación de voto, manifestou que votaría en contra debido a que as contas non son reais tal como xa explicara nas súas intervencións anteriores.

Ao non producirse máis intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a **Conta Xeral Consolidada do ano 2.009 do Concello de Sanxenxo** a votación, acadándose o seguinte resultado:

Votos a **favor: 11** (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo)

Votos en **contra: 4** (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Grupo Municipal Mixto)

Abstencións: 0

En consecuencia a Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar a **Conta Xeral Consolidada do ano 2.009 do Concello de Sanxenxo**, que consta de **24 tomos, correlativos do 1 ao 21, tendo o 17, bis 1, bis 2 e bis 3, figurando dentro dos tomos a memoria e os anexos correspondentes** e que informouse pola Comisión Informativa de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio na sesión celebrada o 8 de novembro de 2.010.

SEGUNDO: Remitir o documento ao Consello de Contas de Galicia e ao Tribunal de Contas do Estado.”-----

E non habendo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia da por rematada a sesión sendo as doce horas e vinte minutos, de todo o que, como Secretario, **DOU FE:**